

OBRADOIROS DE ENTROIDO PARA A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DE CONXO, AS FONTIÑAS E MEIXONFRÍO-SALGUEIRIÑOS

Os obradoiros teñen como obxectivo axudar ás familias a conciliar a vida familiar, laboral e persoal nos períodos extraescolares. Así as escolas infantís municipais convértense nun lugar de encontro para nenos/as do segundo ciclo de Educación Infantil e Primeiro ciclo de Primaria cunha proposta diferente e lúdica, rompendo coa rutina do curso escolar e ofertando unha serie de actividades aos máis pequenos/as que permitan ás súas familias seguir cumprindo cos compromisos laborais.

DESTINATARIOS:

Nenos e nenas empadroados no Concello de Santiago de Compostela ou sen estar empadroados cursen os seus estudos en centros de educación infantil e primaria desta cidade, con idades comprendidas entre os 3 e os 8 anos, (2º ciclo de educación infantil e 1º e 2º de educación primaria).

DATAS DE REALIZACIÓN:

- luns 28 de febreiro
- martes 1 de marzo
- mércores 2 de marzo

O horario dos obradoiros será de 10:00 á 14 horas; ofrécese a posibilidade de solicitar servizo de almorzo (de 9 a 10 horas), de comedor (de 14 a 15 horas) e horas a maiores (entre as 7.30 h. e as 10 h. e entre as 15 h. e as 16 h.).

NÚMERO DE PRAZAS:

O número total é de 34 prazas, distribuídas en cada escola:

- Escola Infantil Municipal de Conxo: 4 prazas
- Escola Infantil Municipal das Fontiñas: 15 prazas
- Escola Infantil Municipal de Meixonfrío-Salgueiriños: 15 prazas

LUGAR DE EXECUCIÓN:

Os obradoiros desenvolveranse nas propias escolas infantís de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío- Salgueiriños.

OBXECTIVOS:

Facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre, desenvolvendo valores de cooperación, respecto e tolerancia.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Que os nenos/as se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas.
- Fomentar a curiosidade, as gañas de aprender e de descubrir novas aventuras.
- Desenvolver a autonomía persoal no día a día.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de lecer e tempo libre.
- Promover actividades que favorezan o traballo en equipo e a creatividade.
- Fomentar o compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.
- Coñecer o entorno que nos rodea.

TARIFAS

SERVIZOS	HORARIOS	TAXAS
OBRADOIROS	10.00 h. ás 14.00 h.	12,00 €/día
ALMORZO	9.00 h ás 10.00 h	2,00 €/día
COMEDOR	14.00 h. ás 15.00 h.	5,00 €/día
HORAS SOLTAS/DIA	Fóra do horario de 10.00 h ás 14.00 h.	3,00 €/día

SOLICITUDE DE OBRADOIROS DE ENTROIDO 2022

As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, solicitando cita previa, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O impreso de solicitude estará dispoñible, xunto coa información complementaria, nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, no Departamento de Educación (Edificio CERSIA, Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n), e na páxina web municipal www.santiagodecompostela.gal: (Catálogo de trámites na plataforma electrónica: "Inscripción nos obradoiros das escolas infantís municipais" . Modelo ED003)